

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

**9212** *Real decreto 657/2013, do 30 de agosto, polo que se aproba o Estatuto orgánico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

A Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, articula a reorganización dos organismos supervisores independentes ata agora encargados de garantir, preservar e promover o correcto funcionamento, a transparencia e a existencia de competencia efectiva nos distintos mercados e sectores produtivos en beneficio último dos consumidores e usuarios.

Así, establece a integración dos organismos existentes nun único organismo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que se crea como un organismo público dos previstos polo número 1 da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, coa finalidade de dar adecuada resposta ás funcións de supervisión regulatoria sectorial e de defensa da competencia ata agora encomendadas aos sete organismos preexistentes.

Desta forma, como xa se definía na lei, confórmase como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, adscrita ao Ministerio de Economía e Competitividade, recoñecéndolle unha especial autonomía orgánica e funcional no desenvolvemento da súa actividade e para o cumprimento dos seus fins, así como plena profesionalidade e independencia das administracións públicas e sometemento a esta lei e ao resto do ordenamento xurídico.

Nesta liña, a Lei 3/2013, do 4 de xuño, ao mesmo tempo que senta as bases legais do réxime de funcionamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, establece que estas serán desenvolvidas, en relación coa estrutura e funcións da Comisión, mediante real decreto, mandato que se cumpre coa aprobación do presente estatuto orgánico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, mentres que se deixa o funcionamento interno da Comisión ao Regulamento de funcionamento interno adoptado polo propio Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

A teor do exposto, o Estatuto orgánico vértase sobre os obxectivos e principios en que se enmarca a Lei 3/2013, do 4 de xuño. Como se desprende da exposición de motivos desta lei, a reforma dos organismos reguladores encontra o seu fundamento nunha multiplicidade de factores. Por unha banda, no obxectivo de alcanzar unha supervisión máis eficaz, baixo un prisma máis coherente e integrado, con autoridades de supervisión *ex ante* e *ex post* menos estancas, permitindo combinar o coñecemento e os instrumentos para mellorar a supervisión. Por outra banda, preténdese evitar un marco institucional demasiado complexo. Neste sentido, búscase unha simplificación orgánica que redunde na eliminación de posibles duplicidades e, con iso, de quebras na seguridade xurídica e institucional.

A estes aspectos engadíronse outros de carácter máis conxuntural que acrecentaban a necesidade dunha revisión do marco institucional existente. Dun lado, a escaseza de recursos e o impulso da austeridade na Administración pública, que derivou na revisión de estruturas co fin de aproveitar as economías de escala; doutro, a existencia de precedentes a nivel internacional, que mostran como se iniciou unha tendencia nos países da nosa contorna á simplificación de estruturas en busca do alcance efectivo dos principios de eficacia e eficiencia, co obxectivo último de mellorar a calidade da supervisión e a seguridade xurídica, o que redundará nun funcionamento máis eficiente dos mercados.

Nesta liña, no desenvolvemento dos aspectos relativos á organización da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, buscouse, en primeiro lugar, preservar e reforzar a independencia na toma de decisións, fundamental na actuación do organismo,

e o seu correlato na autonomía e suficiencia na xestión dos recursos, todo iso coa debida atención ao principio de economía, que deriva da busca da austeridade no uso dos medios adscritos ao organismo, asegurando en todo caso os recursos necesarios para o exercicio adecuado das súas funcións. Así se desprende do novo sistema de nomeamento dos membros do Consello da Comisión, cunha maior involucración do Parlamento, do sistema de nomeamento dos directores de instrución e do resto do persoal directivo e do réxime orzamentario baseado na suficiencia de recursos.

Canto ao funcionamento, buscouse que xunto ao principio de eficacia, que xa caracterizaba a actuación dos organismos preexistentes, teñan cabida os principios de eficiencia, racionalización, axilidade, obxectividade e transparencia. Estes principios son os inspiradores do sistema de funcionamento do Consello en pleno e en salas, e do sistema de atribución de asuntos que reserva ao Pleno os máis complexos, onde é necesario unificar criterios para ofrecer unha solución equilibrada e integral dos problemas dos mercados en beneficio do consumidor. Estes principios son tamén inspiradores das disposicións sobre transparencia e do réxime orzamentario e de persoal.

Hai que ter en conta que o funcionamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia se axustará á normativa aplicable da Unión Europea, en especial sobre os sectores das telecomunicacións e enerxía, que busca o desenvolvemento dunha maior integración do mercado único da Unión Europea. A Comisión contribuirá tamén ao logro destes obxectivos a través do mantemento dunha colaboración regular e periódica con outras autoridades de supervisión da Unión Europea e coas propias axencias de cooperación dos reguladores europeos en materia de enerxía e de comunicacións electrónicas.

Este real decreto consta dun artigo único que aproba o Estatuto orgánico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia; cinco disposicións adicionais, sobre diversos aspectos, entre eles a referencia ás súas sedes e á posibilidade de que a Comisión poida, sobre a base dun informe de funcionamento, propor cambios na estrutura que permitan mellorar en eficacia; sete disposicións transitorias, sobre a subsistencia de órganos e unidades, vixencia transitoria da normativa regulamentaria, continuidade da tramitación dos procedementos substantivos, delegación de competencias e réxime de contratación, e outras transitorias para o exercicio de determinadas funcións por parte da Comisión; unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras, relativas á implantación da contabilidade analítica, ao dominio na internet e á entrada en vigor do real decreto, e a continuación insírese o texto do Estatuto orgánico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

O Estatuto orgánico estrutúrase en cinco capítulos. O primeiro deles inclúe as disposicións xerais sobre a natureza, réxime xurídico, independencia e autonomía de xestión, obxecto e coordinación e cooperación institucional. En particular, prevese que, de conformidade coa normativa comunitaria ou nacional, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá a consideración de autoridade nacional de competencia, autoridade nacional de regulamentación e autoridade reguladora nacional.

No capítulo segundo define a estrutura orgánica da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, especificando as funcións dos diferentes órganos. En particular, detállase a composición e funcionamento do Consello. Así mesmo, especificanse as funcións do Pleno e das salas. Tamén se prevén os criterios que inciden sobre a composición de cada unha das salas e o seu réxime de publicidade, así como os supostos en que cada unha delas deberá solicitar informe preceptivo da outra.

Finalmente, determínanse con maior detalle as funcións e a estrutura, ata o nivel de subdirección, das catro direccións de instrución.

O capítulo terceiro refírese ao persoal ao servizo da Comisión, distingue entre persoal funcionario e laboral e determina os cargos que teñen a consideración de persoal directivo.

O capítulo cuarto desenvolve as previsións contidas na Lei 3/2013 sobre contratación, patrimonio, orzamento e control. Por último, o capítulo quinto regula a función arbitral.

A aprobación deste estatuto orgánico, que se realiza dentro dos dous meses seguintes á entrada en vigor, o 6 de xuño de 2013, da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, é requisito necesario para que, segundo o previsto pola súa disposición adicional primeira, a Comisión poida iniciar o seu funcionamento no prazo máximo de catro meses fixado pola disposición adicional primeira da lei.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Economía e Competitividade, da ministra de Fomento e do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, e por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de agosto de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto orgánico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

De conformidade co establecido no artigo 26.1 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, apróbase o Estatuto orgánico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Retribucións.*

O presidente, o vicepresidente, os conselleiros e o persoal directivo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia rexeranse, en materia retributiva, polo disposto no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e noutras entidades.

A determinación das retribucións do presidente, vicepresidente e conselleiros efectuaráa o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas na súa condición de altos cargos, conforme o establecido no artigo 6 deste estatuto.

As retribucións do persoal directivo que teña a consideración de funcionario de carreira en servizo activo serán as que lle correspondan segundo a lexislación aplicable.

Disposición adicional segunda. *Comunicación a través de medios electrónicos.*

Para os efectos do disposto nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 32 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, o presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá determinar mediante resolución o carácter obrigatorio da comunicación a través de medios electrónicos coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Disposición adicional terceira. *Sede da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá a súa sede principal en Madrid.

2. De acordo coa disposición adicional décimo oitava da Lei 3/2013, do 4 de xuño, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá outra sede en Barcelona, onde se situará a Dirección de Telecomunicacións e do Sector Audiovisual, así como as unidades ou persoas a elas adscritas que se consideren necesarias para o aproveitamento dos recursos e infraestruturas actuais.

3. Para determinar a localización concreta das subdireccións e unidades inferiores que exerzan as competencias asumidas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terase en conta o mellor aproveitamento dos recursos e a experiencia do persoal trasladado á Comisión que as viñese exercendo ata o momento, e favorecerase a súa continuidade.

Disposición adicional cuarta. *Custo en relación coa prestación de servizos e realización de actividades no sector enerxético.*

1. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo fará pública antes do 30 de xuño de cada ano unha memoria que conteña:

a) Os gastos en que incorreu a Comisión no exercicio anterior no desempeño das súas funcións como autoridade reguladora nacional nos sectores da electricidade e do gas natural.

b) Os gastos en que incorreu o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo no exercicio anterior pola prestación de servizos e realización de actividades nos sectores da electricidade e do gas natural.

Os datos contidos na dita memoria para ambos os dous organismos servirán de base para fixar as taxas aplicables á prestación de servizos e realización de actividades en relación co sector enerxético a que fai referencia o anexo I.4 de Lei 3/2013, do 4 de xuño.

Así mesmo, servirán de base para fixar a asignación anual da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para o exercicio das súas funcións no ámbito do sector enerxético e, con iso, determinar que porcentaxe do recadado polas taxas previstas nos puntos segundo e terceiro do citado anexo I.4 se destina ao seu financiamento. En todo caso, a asignación anual garantizará a suficiencia financeira da Comisión para a prestación de servizos e a realización das súas funcións.

2. Para estes efectos e sen prexuízo do establecido nos artigos 44 e 45, a Comisión remitiralle ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo antes do 1 de abril de cada ano unha memoria, que será a base para fixar o orzamento da Comisión correspondente ao exercicio das funcións de supervisión no ámbito da enerxía, na cal se inclúan o detalle dos custos directos e indirectos, así como os custos propios e os correspondentes a contratacións externas en que incorrese no exercicio anterior como autoridade reguladora nacional no desempeño das súas funcións en materia enerxética.

Disposición adicional quinta. *Estrutura da Comisión.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderalle elevar informe ao Ministerio de Economía e Competitividade, para a súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sobre as modificacións da súa estrutura orgánica que considere necesarias para un eficaz desempeño das funcións que ten encomendadas.

Disposición transitoria primeira. *Subsistencia de órganos e unidades.*

1. De conformidade co disposto pola disposición transitoria terceira da Lei 3/2013, do 4 de xuño, ata a posta en funcionamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia manteranse no exercicio das súas funcións tanto os órganos que se extinguen como os seus titulares, incluídos aqueles que o sexan dos diferentes órganos de dirección deles.

2. As unidades e postos de traballo con nivel orgánico de subdirección xeral ou similar e as de nivel inferior existentes nos órganos que se supriman subsistirán e serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios ata que se aprobe unha relación de postos de traballo adaptada a este real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Vixencia da normativa regulamentaria.*

Sen prexuízo do establecido na disposición derogatoria única, manterá a súa vixencia ata a efectiva posta en funcionamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a normativa de rango regulamentario necesaria para que os organismos supervisores que se extinguen continúen exercendo as súas funcións conforme o previsto pola disposición transitoria terceira da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio dos procedementos en tramitación.*

Os procedementos relacionados coas funcións de defensa da competencia e de supervisión dos sectores regulados iniciados con anterioridade á constitución da Comisión continuarán tramitándose os órganos previamente existentes ata a efectiva posta en funcionamento da dita comisión.

Disposición transitoria cuarta. *Delegación de competencias.*

As delegacións de competencias efectuadas con anterioridade á posta en funcionamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia manterán a súa vixencia mentres non sexan expresamente revogadas. As realizadas a favor dos órganos que se supriman entenderanse referidas aos órganos que asumisen a dita competencia.

Disposición transitoria quinta. *Réxime de contratación.*

Os expedientes de contratación iniciados con anterioridade á constitución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia seguirán tramitándose os órganos de contratación existentes ata a efectiva posta en funcionamento da dita comisión, e os actos realizados ata ese momento serán válidos e eficaces.

Disposición transitoria sexta. *Desempeño transitorio de funcións pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá desempeñar as funcións atribuídas pola Lei 3/2013 aos departamentos ministeriais, ata o momento en que dispoñan dos medios necesarios para exercer estas competencias de forma efectiva.

2. Para estes efectos estableceranse os mecanismos de coordinación necesarios entre o persoal, a Comisión e os ministerios afectados co fin de realizar o traspaso dos medios persoais e materiais de forma efectiva e sen menoscabo do exercicio das funcións para traspasar que se viñesen desempeñando. Este traspaso poderase realizar de forma graduada para as distintas funcións enumeradas no punto anterior.

3. Mediante orde do ministro da Presidencia, por proposta do departamento ministerial que asuma as funcións e dos ministerios de Economía e Competitividade e de Facenda e Administracións Públicas, determinarase a data a partir da cal o dito departamento ministerial comezará a exercer de forma efectiva as referidas competencias.

4. Ata esa data e baixo a dependencia da dirección competente por razón da materia, os órganos, as unidades e postos de traballo con nivel orgánico de subdirección xeral ou similar, e as de nivel inferior que viñesen desempeñando as funcións en cuestión, continuarán no seu exercicio.

Disposición transitoria sétima. *Órganos de asesoramento en materia de enerxía.*

De acordo co disposto na disposición transitoria décima da Lei 3/2013, do 4 de xuño, o Consello Consultivo de Electricidade e o Consello Consultivo de Hidrocarburos seguirán exercendo as súas funcións ata a constitución do Consello Consultivo de Enerxía. Ata ese momento manterá a súa vixencia o disposto pola sección 3.<sup>a</sup> do capítulo III do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, o Real decreto 331/2008, do 29 de febreiro, polo que se aproba o Estatuto da Comisión Nacional da Competencia; o Real decreto 1994/1996, do 6 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Comisión do Mercado de Telecomunicacións; o Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se

aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía; o Real decreto 1920/2009, do 11 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento xeral da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal; o capítulo IV do título II do Regulamento de defensa da competencia, aprobado polo Real decreto 261/2008, do 22 de febreiro, e o título VI do Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Implantación de contabilidade analítica.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en colaboración coa Intervención Xeral da Administración do Estado, implantará un sistema de contabilidade analítica que permita coñecer o custo das actividades realizadas polos distintos órganos.

Disposición derradeira segunda. *Dominio na internet.*

O novo organismo terá como imaxe institucional identificable as siglas CNMC, aspecto que se considera de excepcional interese xeral, que deberán corresponder cos medios telemáticos de comunicación e, en particular, a web, a cal se identificará co nome de segundo nivel para garantir a súa accesibilidade.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de agosto de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

## ESTATUTO ORGÁNICO DA COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Natureza e réxime xurídico.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, creada polo artigo 1 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, é un organismo público dos previstos polo número 1 da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, adscrito ao Ministerio de Economía e Competitividade a través da Secretaría de Estado de Economía e de Apoio á Empresa, sen prexuízo da súa relación cos ministerios competentes por razón da materia no exercicio das funcións a que se refiren os artigos 5 a 12 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia rexerá polo disposto na Lei 3/2013, do 4 de xuño, por este estatuto e polo resto do ordenamento xurídico que lle resulte aplicable.

En particular, seralle de aplicación o disposto pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e a lexislación especial dos mercados e dos sectores sometidos á súa supervisión, en particular queda sometida á Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións; á Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico; á Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos; á Lei 43/2010, do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal; á Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual; á Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea; á Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, así como polas disposicións que as desenvolvan. Tamén se rexerá polo texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Supletoriamente, rexerá pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado; pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e polas demais normas que resulten de aplicación.

3. O control parlamentario e xudicial da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia desenvolverase nos termos previstos na Lei 3/2013, do 4 de xuño.

##### Artigo 2. *Autonomía e independencia.*

1. No exercicio das súas funcións e para o cumprimento dos fins que lle foron asignados, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia conta con autonomía orgánica e funcional e actúa con plena independencia do Goberno, das administracións públicas e de calquera interese empresarial ou comercial.

2. Sen prexuízo da colaboración con outros órganos e das facultades de dirección da política xeral do Goberno a través da súa capacidade normativa, no desempeño das súas funcións nin o persoal nin os membros dos órganos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderán aceptar nin solicitar instrucións de ningunha entidade pública ou privada.

##### Artigo 3. *Obxecto.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia é o organismo encargado de preservar, garantir e promover o correcto funcionamento, a transparencia e a existencia

dunha competencia efectiva en todos os mercados e sectores produtivos en beneficio dos consumidores e usuarios.

Artigo 4. *Coordinación e cooperación institucional.*

Cando así resulte da normativa da Unión Europea ou nacional, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá a consideración de:

- a) Autoridade nacional de competencia.
- b) Autoridade nacional de regulamentación no sector das comunicacións electrónicas.
- c) Autoridade reguladora nacional dos sectores da electricidade e do gas natural.
- d) Autoridade estatal de supervisión en materia de tarifas aeroportuarias.
- e) Autoridade nacional de regulamentación para o sector postal.

Artigo 5. *Funcións.*

1. Correspóndelle á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia o exercicio das funcións que se recollen na Lei 3/2013, do 4 de xuño, así como calquera outra que se lle atribúa por norma de rango legal ou regulamentario.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exercerá as súas funcións en todo o territorio español e en relación con todos os mercados ou sectores produtivos da economía, e actuará con plena autonomía no exercicio daquelas.

## CAPÍTULO II

### **Estrutura da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia**

#### *Sección 1.ª Do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia*

Artigo 6. *O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. De acordo co artigo 13 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, o Consello é órgano de goberno da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. Os membros do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, incluídos o presidente e o vicepresidente, serán nomeados e cesados de acordo co establecido nos artigos 15 e 23 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

3. Na súa condición de altos cargos da Administración xeral do Estado, exercerán a súa función con dedicación exclusiva e estarán sometidos ao réxime de incompatibilidades de acordo co previsto no artigo 22 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

Artigo 7. *Composición do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia estará formado polo presidente, o vicepresidente e oito conselleiros.

2. De acordo cos artigos 16 e seguintes da Lei 3/2013, do 4 de xuño, o Consello actúa en pleno ou en salas, unha dedicada a asuntos de competencia e outra aos asuntos de supervisión regulatoria. O réxime de funcionamento do Consello determinarase no Regulamento de funcionamento interno da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

3. O Consello estará asistido polo secretario do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

4. Cando o nomeamento dos membros do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia recaia en funcionarios de carreira da Administración xeral do Estado, pasarán á situación administrativa de servizos especiais.



Artigo 8. *Funcións do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia é o órgano colexiado de decisión en relación coas funcións resolutorias, consultivas, de promoción da competencia, de arbitraje e resolución de conflitos previstas nos artigos 5 a 12, ambos os dous inclusive, da Lei 3/2013, do 4 de xuño, así como as demais atribuídas pola normativa vixente.

2. Para o desenvolvemento das ditas funcións o Consello terá, entre outras, as seguintes atribucións:

a) Nomear o secretario do Consello, os directores de instrución e demais persoal directivo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e determinar a súa retribución conforme o establecido no artigo 31.6 da Lei 3/2013.

b) Aprobar os informes que, conforme a normativa vixente, correspondan á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

c) Resolver sobre a ampliación do prazo máximo de resolución dos procedementos.

d) Resolver os recursos contra os actos e as decisións adoptados por outros órganos en materias cuxa decisión ou resolución correspondan ao Consello.

e) Adoptar as medidas cautelares de conformidade co disposto polo artigo 54 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, e co disposto no artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

f) Acordar, por proposta do secretario do Consello ou doutras unidades competentes da Comisión, a interposición de recursos, a comparecencia en procesos xudiciais e procedementos administrativos e a intervención, como *amicus curiae*, nos procedementos a que fai referencia a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

g) Aprobar circulares, circulares informativas, de ser o caso, e comunicacións.

h) Instar o Departamento de Promoción da Competencia para a realización de informes, estudos e traballos de investigación.

i) De ser o caso, ordenar a elaboración das circulares, circulares informativas e comunicacións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, así como ordenar a súa publicación.

j) Adoptar as resolucións definitivas dos procedementos que se tramiten en materias da súa competencia.

k) Adoptar, respecto aos sectores da electricidade e do gas natural, decisións xuridicamente vinculantes nas materias da súa competencia.

l) Exercer as demais funcións que lle confira o Regulamento de funcionamento interno da Comisión.

m) Aprobar o anteproxecto de orzamento e formular e aprobar as contas anuais do organismo.

3. O Consello poderá delegar no presidente e noutros órganos da Comisión o exercicio das súas competencias, coa limitación establecida no artigo 14.1 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

Artigo 9. *O secretario do Consello.*

1. O Pleno do Consello, por proposta do presidente, elixirá un secretario non conselleiro de conformidade co disposto polo artigo 16.2 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

2. O secretario do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia serao do Pleno e das salas e terá, ademais das funcións establecidas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as funcións previstas no artigo seguinte.

3. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade ou cando concorra outra causa legal, o secretario do Consello será substituído polo vicesecretario.

4. O secretario do Consello, logo de informe ao Pleno do Consello, poderá delegar no vicesecretario algunhas das funcións propias da secretaría de órgano colexiado.

Artigo 10. *Funcións da Secretaría do Consello.*

A Secretaría do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia é competente para:

- a) Asesorar en dereito o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e velar pola legalidade dos seus actos, acordos e decisións.
- b) Apoiar o presidente e os conselleiros da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no exercicio das súas funcións e na preparación das reunións do Consello, e asignar os medios persoais de que dispoña a Secretaría a cada conselleiro atendendo ás necesidades concretas de cada caso.
- c) Asistir ás reunións do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia con voz pero sen voto e levantar a acta das ditas reunións.
- d) Asesorar sobre a legalidade dos asuntos e cuestións que se sometan á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, velando pola observancia dos trámites e prazos dos procedementos.
- e) Custodiar e xestionar os expedientes, actuacións e documentos do Consello.
- f) Recibir os proxectos ou propostas de decisións ou informes de todos os asuntos que remitan as direccións de instrución e o resto dos órganos da Comisión, cuxa deliberación e resolución corresponda ao Consello.
- g) Expedir certificacións das resolucións, acordos, consultas e ditames aprobados polo Consello.
- h) Notificar os actos, resolucións e informes do Consello.
- i) As que expresamente lle deleguen o Consello e o presidente.
- j) Calquera outra que lle sexa atribuída por este estatuto, o Regulamento de funcionamento interno ou outras normas que poidan resultar aplicables.

Artigo 11. *Estrutura da Secretaría do Consello.*

1. Do secretario do Consello depende a Vicesecretaría do Consello, con rango de subdirección, que o asistirá nas funcións de secretariado do Consello, en pleno e das súas salas, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, así como en cantos asuntos lle sexan requiridos por este. Así mesmo, exercerá as funcións que lle delegue.

2. Tamén depende do secretario do Consello a Asesoría Xurídica, con rango de subdirección, á cal lle corresponden as seguintes funcións:

- a) Asesorar xuridicamente e con plena autonomía funcional os órganos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- b) Informar, cando sexa requirido para iso, sobre as propostas de circulares e comunicacións.
- c) Tramitar os procedementos arbitrais previstos polo artigo 5.1.b) da Lei 3/2013, do 4 de xuño.
- d) Tramitar os recursos interpostos contra actos e decisións da Comisión e elaborar as propostas de resolución para a súa elevación ao Consello, e solicitar, se é o caso, informe a outros órganos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- e) Instruír os procedementos e elaborar as propostas de informe sobre as reclamacións de responsabilidade patrimonial formuladas contra actos ou decisións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- f) Emitir informe en relación cos convenios e contratos que formalice a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- g) Ser membro da Mesa de Contratación.
- h) Emitir informe nos procedementos disciplinarios dirixidos fronte ao persoal ao servizo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- i) Informar sobre a viabilidade das propostas de impugnación de actos e disposicións de administracións públicas elevadas ao Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e redactar a proposta de requirimento previo a que fai referencia o artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

j) Elevar ao Consello, en colaboración co Departamento de Promoción, proposta de informe sobre os criterios para a cuantificación das indemnizacións a que fai referencia o artigo 5.2.b) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, logo de informe do Departamento de Promoción.

k) Coordinar e xestionar as relacións con xulgados e tribunais para o exercicio das competencias que a lei lle atribúe á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en relación con eles, e solicitar, se é o caso, informe a outros órganos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

l) Colaborar coa Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado na defensa e representación en xuízo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Excepcionalmente, cando poida haber un conflito de intereses entre a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e a Administración xeral do Estado, a dita defensa en xuízo poderá ser encomendada polo Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a un avogado especialmente designado.

3. O vicesecretario do Consello e o xefe da Asesoría Xurídica serán nomeados polo Consello, por proposta do presidente e oído o secretario do Consello.

#### Sección 2.<sup>a</sup> *Do Pleno e das salas*

##### Artigo 12. *Funcións do Pleno.*

1. De acordo cos artigos 16.1 e 18.1 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, o Consello pode funcionar en pleno ou en salas, unha dedicada aos temas de competencia e outra á supervisión regulatoria.

2. O Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia coñecerá dos seguintes asuntos:

a) Os que, de acordo co disposto polo artigo 14.1 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, sexan indelegables polo Consello, coa excepción da impugnación de actos e disposicións a que se refire o artigo 5.4 da lei.

b) Aqueles en que se manifeste unha diverxencia de criterio entre a Sala de Competencia e a de Supervisión Regulatoria.

Existirá diverxencia de criterio, entre outros supostos, cando así o poña de manifesto unha das salas, respecto dos asuntos que deba resolver a outra, con ocasión da solicitude do informe referido no artigo 15.2 deste estatuto.

c) Os asuntos que pola súa especial incidencia no funcionamento competitivo dos mercados ou actividades sometidos a supervisión solicite para si o Pleno, por maioría de seis votos e por proposta do presidente ou de tres membros do Consello. Nestes supostos non se emitirán os informes a que se refire o artigo 15.2.

##### Artigo 13. *Composición das salas do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. O Consello en pleno aprobará, por maioría de seis votos, o réxime de rotación entre salas dos conselleiros, e establecerá o número de conselleiros sometidos a rotación e a periodicidade desta. En todo caso, o réxime de rotación deberá garantir que a composición de cada unha das salas permita un adecuado cumprimento das funcións encomendadas ao Consello, a estabilidade da toma de decisións e o adecuado cumprimento dos prazos e procedementos establecidos.

En ningún caso se permitirá a adscrición permanente a unha sala de ningún conselleiro, a rotación en bloque dos conselleiros entre as salas nin a asignación a unha única sala de todos os conselleiros nomeados con ocasión da renovación parcial do Consello.

2. O réxime de rotación farase público unha vez que sexa aprobado polo Consello e publicárase no BOE no mes de decembro de cada ano a composición de cada sala para o ano seguinte.

3. De acordo co artigo 18.2 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, cando concorran circunstancias excepcionais que o xustifiquen, o Consello poderá adoptar transitoriamente outras medidas tendentes a garantir o funcionamento das salas, que se farán igualmente públicas.

*Artigo 14. Funcións e informes das salas do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. De acordo co artigo 21.2 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, as salas coñecerán dos asuntos que non estean atribuídos expresamente ao Pleno. En particular:

a) A Sala de Competencia coñecerá dos asuntos relacionados coa aplicación da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e coa actividade da promoción da competencia, de acordo co disposto no artigo 5 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

b) A Sala de Supervisión Regulatoria coñecerá dos asuntos relacionados coa aplicación dos artigos 6 a 12 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, e do informe previsto polo número 7 da súa disposición adicional novena.

2. De conformidade co disposto no artigo 21.2 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, solicitarase informe preceptivo nos seguintes asuntos:

a) Os previstos nas letras b), c), d), e), f) e h) do número 1 e a) do número 2 do artigo 5 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, cando afecten os sectores suxeitos a supervisión.

b) Os procedementos sancionadores previstos na lexislación sectorial e nas súas normas de desenvolvemento, no marco das competencias da Comisión, cando os feitos puidesen ser constitutivos de infraccións.

c) Os expedientes que resulten por aplicación do artigo 6.1 a 6.3 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, e da aplicación do artigo 13.bis da Lei 32/2003.

d) Respecto das funcións previstas no artigo 7 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, os asuntos previstos nos puntos 14, 15, 19, 21 e 30, así como os expedientes de certificación da separación de actividades en aplicación do número 3 do mesmo artigo da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

e) Os previstos no artigo 8.4 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

f) Os previstos no artigo 9.7 e 9.8 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

g) Respecto das funcións previstas no artigo 10 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, a inadmisión da proposta da entidade xestora do aeroporto ou a inaplicación das modificacións tarifarias revisadas establecidas pola entidade xestora do aeroporto segundo o disposto no número 1, e os asuntos previstos no número 2 do mencionado artigo.

h) Os previstos nos números 2 e 4 do artigo 11 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

i) Respecto do artigo 12.1 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, os asuntos previstos nos puntos a).1.º, 3.º, 5.º, 6.º e 8.º, b).1.º, c), d).1.º e 2.º, e) e f). 5.º

j) Para a adopción do informe previsto no procedemento relacionado coa toma de participacións no sector enerxético, nos termos previstos na Lei 3/2013, do 4 de xuño.

*Sección 3.ª Da Presidencia e Vicepresidencia da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia*

*Artigo 15. O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. De acordo co artigo 13 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, o presidente é órgano de goberno da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que tamén o será do seu Consello en pleno e da Sala de Competencia, exercerá as funcións de dirección e representación daquela de acordo co disposto no artigo 19 da Lei 3/2013, do 4 de xuño. No desenvolvemento das súas funcións, é o órgano competente para:

- a) Representar a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- b) Proporlle ao Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia o nomeamento e o cesamento do secretario do Consello, dos directores de instrución e do resto do persoal directivo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- c) Convocar e presidir o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en pleno e a Sala de Competencia, fixar a orde do día, así como dirixir o desenvolvemento dos debates e suspendelos ou levantalos por causas xustificadas.
- d) Dirimir os empates co seu voto de calidade.
- e) Visar as actas e certificacións dos acordos do Pleno e da Sala de Competencia.
- f) Coordinar, coa asistencia do secretario do Consello, o correcto funcionamento das unidades da Comisión.
- g) Presentarlle ao Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para a súa aprobación o anteproxecto de orzamentos do organismo.
- h) Ser órgano de contratación do organismo, aprobar os gastos e ordenar os pagamentos e movementos de fondos correspondentes, e efectuar a rendición de contas do organismo de acordo coa Lei 47/2003, do 26 de novembro.
- i) Subscribir, no ámbito das súas competencias, convenios con entidades públicas e privadas.
- j) Convocar e resolver os procesos de provisión de postos de traballo que integren o persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, así como contratar o persoal ao servizo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no ámbito das súas atribucións.
- k) Aprobar o nomeamento e o cesamento do persoal non directivo, as propostas de relacións de postos de traballo, a distribución do complemento de produtividade e outros incentivos ao rendemento, dentro da cantidade autorizada para estes efectos, exercer a potestade disciplinaria, acordar a separación do servizo e a suspensión de funcións e exercer as competencias que, en materia de persoal, atribúe a normativa da función pública aos subsecretarios dos departamentos ministeriais, sen prexuízo das competencias atribuídas aos directores de instrución no artigo 19 deste estatuto.
- l) Proporlle ao Consello a aprobación e a modificación do Regulamento de funcionamento interno da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- m) Comunicarlle ao ministro de Economía e Competitividade e, de ser o caso, aos titulares doutros ministerios relacionados, os acordos adoptados polo Consello sobre os cales tales órganos deben coñecer.
- n) Elevarlle ao Ministerio de Economía e Competitividade informe sobre as reclamacións de responsabilidade patrimonial derivadas de actos ou resolucións da Comisión.
- ñ) Resolver recursos contra os actos e as decisións adoptados en materias da súa competencia.
- o) Exercer as competencias que lle delegue o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- p) Exercer todas aquelas funcións non atribuídas expresamente a outros órganos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e as competencias que lle confira o seu regulamento de funcionamento interno.
- q) Exercer as demais que lle atribúa o ordenamento vixente ao presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

3. O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá delegar as súas funcións de acordo co artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Na súa condición de presidente da Sala de Competencia, o presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia será substituído, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, polo conselleiro da sala con maior antigüidade e, a igualdade de antigüidade, o de maior idade.

5. Do presidente da Comisión depende directamente un gabinete como o seu órgano de asistencia inmediata, do cal formarán parte os asesores a que fai referencia o artigo 35.

Artigo 16. *O vicepresidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. O vicepresidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exercerá as seguintes funcións:

- a) Colaborar co presidente en cantas tarefas lle sexan requiridas.
- b) Substituír o presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.
- c) Convocar e presidir a Sala de Supervisión Regulatoria, así como dirixir o desenvolvemento dos debates e suspendelos ou levantalos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates de calidade da Sala de Supervisión Regulatoria.
- e) Visar as actas e certificacións dos acordos da Sala de Supervisión Regulatoria.
- f) Exercer as funcións que lle delegue o presidente ou o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- g) Exercer as demais competencias que sexan inherentes á súa condición de vicepresidente e as que lle confira o Regulamento de funcionamento interno da Comisión.

2. Mentres non se produza o nomeamento do vicepresidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade ou calquera outra causa legal, será substituído no exercicio das súas funcións de presidente de sala polo conselleiro da Sala de Supervisión Regulatoria con maior antigüidade e, a igual antigüidade, polo de maior idade.

3. Do vicepresidente da Comisión dependerá directamente un gabinete como o seu órgano de asistencia inmediata, do cal formará parte o asesor a que fai referencia o artigo 35.

Sección 4.<sup>a</sup> *Das direccións de instrución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia*

Artigo 17. *Das direccións de instrución.*

1. De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, son órganos de dirección da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia as direccións de instrución:

- a) A Dirección de Competencia.
- b) A Dirección de Telecomunicacións e do Sector Audiovisual.
- c) A Dirección de Enerxía.
- d) A Dirección de Transportes e do Sector Postal.

2. Os directores de instrución serán nomeados e separados de conformidade co disposto polo artigo 26.3 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

Artigo 18. *Dos directores de instrución.*

1. Os directores de instrución desempeñan a xefatura das correspondentes direccións de instrución, son os encargados de lle presentar e expor ao Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en pleno, ou á sala correspondente, as propostas de actos e decisións en relación cos expedientes que se instruíron na súa dirección, de asesorar os órganos de goberno desde o punto de vista técnico e sectorial, e exercerán todas as competencias que a Lei 3/2013, do 4 de xuño, e o resto de normativa aplicable lle atribúe á súa respectiva dirección.

2. Os directores de instrución exercen as funcións de dirección en relación co persoal das súas direccións. En particular, correspóndelles:

- a) Dirixir, impulsar e supervisar a actividade das unidades da súa respectiva dirección.

b) Acordar a redistribución de funcións dentro da súa correspondente dirección, entre unidades inferiores a subdirección, por necesidades do servizo e en atención á repartición equilibrada de cargas de traballo, a acumulación de tarefas e o aumento da eficacia, procurando a máxima coordinación co resto dos servizos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

c) Proporlle ao presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a redistribución de efectivos dentro da súa dirección e o nomeamento e cesamento do persoal non directivo dela nos postos de libre designación.

d) Informar o presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia das necesidades de persoal das súas respectivas direccións co obxecto de elaborar a proposta da oferta de emprego público.

e) Proporlle ao presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia o proxecto de relación de postos de traballo do persoal da Dirección.

f) Elevar informe preliminar, no ámbito das súas responsabilidades, sobre a necesidade, conveniencia e pertinencia da iniciación do procedemento para a elaboración de circulares, circulares informativas e comunicacións.

3. O persoal á fronte das subdireccións das direccións de instrución será nomeado e separado polo Consello, por proposta do presidente e oído o director de instrución.

4. Os directores de instrución poderán delegar as súas funcións, de acordo co previsto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. Por necesidades do servizo os directores de instrución poderán reasignar a instrución dos procedementos e resto de funcións entre as distintas subdireccións da respectiva dirección de instrución.

6. A coordinación das direccións de instrución para o seu adecuado funcionamento correspóndelle ao presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

#### Subsección 1.<sup>a</sup> Da Dirección de Competencia

##### Artigo 19. *Funcións da Dirección de Competencia.*

A Dirección de Competencia é o órgano encargado, conforme a Lei 3/2013, do 4 de xuño, das funcións de instrución de expedientes, investigación, estudo e preparación de informes da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en materia de procedementos de defensa da competencia, de condutas restritivas da competencia e de control de concentracións regulados na Lei 15/2007, do 3 de xullo. En particular, é competente para:

a) Coñecer as denuncias, escritos ou consultas que se formulen ante a CNMC que puidesen entrar dentro do ámbito de aplicación da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

b) Promover a investigación e iniciar de oficio os procedementos sancionadores.

c) Requirir de oficio a notificación dunha concentración e acordar, cando proceda, a súa inadmisión.

d) Requirir o formulario ordinario de notificación dunha concentración.

e) Realizar, nos termos e coa extensión previstos no artigo 27 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, e no Real decreto 261/2008, do 22 de febreiro, as inspeccións necesarias para a correcta aplicación da normativa de defensa da competencia.

f) Incoar, instruír e elevar a correspondente proposta de resolución nos expedientes sobre os cales deba resolver o Consello.

g) Elevar ao Consello a proposta de arquivo derivado da aplicación da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

h) Valorar as solicitudes de exención e acordar a concesión, se é o caso, da exención condicional do pagamento da multa e elevar ao Consello, se é o caso, a correspondente proposta de exención nos supostos previstos no artigo 65 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

- i) Valorar as solicitudes de redución do importe da multa, establecer a orde de prelación entre os solicitantes e elevar ao Consello, se é o caso, a correspondente proposta de redución do pagamento da multa nos supostos previstos no artigo 66 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.
- j) Acordar o inicio dos procedementos de terminación convencional e elevar ao Consello a proposta de terminación convencional.
- k) Acordar a acumulación, desagregación e ampliación de expedientes.
- l) Propórle ao Consello a adopción de medidas cautelares.
- m) Resolver sobre as cuestións incidentais que se poidan suscitar no marco da instrución de expedientes, en particular, a práctica de probas, a declaración de interesados na fase de instrución, a suspensión de prazos e a declaración de confidencialidade.
- n) Levar a cabo as actuacións complementarias que inste o Consello referentes a procedementos que se elevasen xa ao Consello para a súa resolución.
- ñ) Iniciar procedemento e elevar proposta ao Consello das declaracións de inaplicabilidade, de acordo co previsto no Real decreto 261/2008, do 22 de febreiro.
- o) Vixiar a execución e cumprimento das obrigas, resolucións e acordos a que fai referencia o artigo 41 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.
- p) Aplicar os mecanismos de designación de órgano competente, de acordo co establecido na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, e velar polo cumprimento uniforme da Lei 15/2007, do 3 de xuño.
- q) Aplicar os mecanismos de reenvío de expedientes entre a Comisión Nacional da Competencia e a Comisión Europea, segundo o previsto no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004.
- r) Colaborar e prestar a asistencia técnica que lle sexa requirida polo Consello elaborando informes que elevará a este.
- s) Colaborar, cando proceda, na preparación dos informes e propostas da Comisión no ámbito das relacións de colaboración e cooperación coas administracións públicas, así como cos órganos xurisdicionais, sen prexuízo das funcións que correspondan a outros órganos da Comisión.
- t) Cooperar coa Comisión Europea e coas autoridades de competencia dos Estados membros da Unión Europea e asistir os distintos comités, grupos de traballos e reunións de expertos que sexan convocados de conformidade co previsto no Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre control de concentracións entre empresas, e no Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 101 e 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.
- u) Apoiar o presidente e o Consello no ámbito das relacións con outros órganos e institucións de España, da Unión Europea, en particular coa Rede de Autoridades de Competencia, e doutros Estados membros, así como de países terceiros.
- v) Realizar calquera outra función que lle atribúa o ordenamento xurídico ou lle delegue o Consello.

Artigo 20. *Estrutura da Dirección de Competencia.*

A Dirección de Competencia estrutúrase nas seguintes unidades:

- a) Subdirección de Industria e Enerxía.
- b) Subdirección de Sociedade da Información.
- c) Subdirección de Servizos.
- d) Subdirección de Cáteles e Clemencia.
- e) Subdirección de Vixilancia.



## Subsección 2.<sup>a</sup> Da Dirección de Telecomunicacións e do Sector Audiovisual

### Artigo 21. *Funcións da Dirección de Telecomunicacións e do Sector Audiovisual.*

A Dirección de Telecomunicacións e do Sector Audiovisual é o órgano encargado das funcións de instrución de expedientes da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en materia de comunicacións electrónicas e do sector audiovisual, en aplicación da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual. En particular, é competente para:

- a) Elevar ao Consello propostas de resolución en materia de supervisión e control dos mercados de comunicacións electrónicas e, singularmente, nas competencias previstas no artigo 6 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.
- b) Elevar ao Consello propostas de resolución en materia de supervisión e control dos mercados de comunicación audiovisual e, singularmente, nas competencias previstas no artigo 9 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.
- c) Elevar ao Consello propostas de resolución de conflitos nas seguintes materias:
  - i) Conflitos nos mercados de comunicacións electrónicas, de acordo co previsto no artigo 12.1 a) da Lei 3/2013, do 4 de xuño.
  - ii) Conflitos nos mercados de comunicación audiovisual, de acordo co previsto no artigo 12.1 e) da Lei 3/2013, do 4 de xuño.
- d) Apoiar o presidente no ámbito das relacións con outros órganos e institucións de España, da Unión Europea, en particular a Comisión Europea, e doutros Estados membros e co Organismo de Reguladores Europeos das Comunicacións Electrónicas, e exercer as funcións de punto de contacto e participación nos grupos de traballo no seo deste organismo.
- e) Colaborar e prestar a asistencia técnica que lle sexa requirida polo Consello da Comisión elaborando informes que elevará a este.
- f) Emitir informe nas actuacións arbitrais previas ao laudo arbitral nas materias previstas pola Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, así como na súa normativa de desenvolvemento.
- g) Realizar calquera outra función que lle atribúa o ordenamento xurídico ou lle delegue o Consello.

### Artigo 22. *Estrutura da Dirección de Telecomunicacións e do Sector Audiovisual.*

A Dirección de Telecomunicacións e do Sector Audiovisual estrutúrase nas seguintes unidades:

- a) Subdirección de Regulación de Comunicacións Electrónicas.
- b) Subdirección de Análise de Mercados de Comunicacións Electrónicas.
- c) Subdirección Técnica das Comunicacións Electrónicas.
- d) Subdirección de Audiovisual.

## Subsección 3.<sup>a</sup> Da Dirección de Enerxía

### Artigo 23. *Funcións da Dirección de Enerxía.*

A Dirección de Enerxía, como órgano encargado das funcións de instrución de expedientes da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en aplicación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, é, en particular, o órgano competente para:

- a) Elevar ao Consello as propostas de resolución que se elaboren en exercicio das competencias previstas no artigo 7 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, e singularmente en materia de supervisión e control no sector eléctrico e no sector do gas natural.
- b) Elevar ao Consello propostas de resolución de conflitos nos mercados da electricidade e do gas, de acordo co previsto no artigo 12.1 b) da Lei 3/2013, do 4 de xuño.
- c) Apoiar o presidente e o Consello no ámbito das relacións con outros órganos e institucións de España, da Unión Europea e doutros Estados membros, así como de países terceiros, e coa Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía, e exercer as funcións de representante substituto para os efectos de contacto e representación no seo do Consello de Reguladores da Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía.
- d) Colaborar e prestar a asistencia técnica que lle sexa requirida polo Consello elaborando informes que elevará a este.
- e) Intervenir na tramitación dos procedementos arbitrerais nas materias previstas pola Lei 54/1997, do 24 de novembro, e a Lei 34/1998, do 7 de outubro, dos sectores da electricidade e do gas natural, así como pola súa normativa de desenvolvemento, na forma que determine o Regulamento de arbitraje do Consello da Comisión.
- f) Iniciar de oficio os procedementos sancionadores da súa competencia, de acordo co previsto na Lei 34/1998, do 7 de outubro, e na Lei 54/1997, do 28 de novembro.
- g) Requirer a información e realizar as inspeccións necesarias para levar a cabo a correcta supervisión dos sectores da electricidade e do gas natural nas materias previstas no artigo 7 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.
- h) Emitir os informes que corresponda no exercicio das funcións de supervisión da súa competencia e do resto de funcións previstas no artigo 7 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, ou os que lle sexan solicitados en relación cos sectores do gas e da electricidade.
- i) Incoar e tramitar os procedementos para a adopción de decisións xuridicamente vinculantes para as empresas eléctricas e de gas natural e elevar ao Consello a proposta para a súa aprobación.
- j) Elevar ao Consello da Comisión a proposta de arquivo.
- k) Acordar a acumulación, desagregación e ampliación de expedientes.
- l) Proporlle ao Consello da Comisión a adopción de medidas cautelares.
- m) Resolver sobre as cuestións incidentais que poidan xurdir no marco da instrución de expedientes, en particular, a práctica de probas, a declaración de interesados na fase de instrución, a suspensión de prazos e a declaración de confidencialidade.
- n) Colaborar cando proceda na preparación de informes e propostas da Comisión no ámbito das relacións de colaboración e cooperación coas administracións públicas, así como cos órganos xurisdiccionais, sen prexuízo das funcións que lles correspondan a outros órganos da Comisión.
- ñ) Realizar calquera outra función que o ordenamento xurídico lle atribúa nos sectores da enerxía eléctrica e do gas natural, así como as que lle sexan delegadas polo Consello da Comisión ou que o Regulamento de funcionamento interno lle asigne.

#### Artigo 24. *Estrutura da Dirección de Enerxía.*

A Dirección de Enerxía estrutúrase nas seguintes unidades:

- a) Subdirección de Enerxía Eléctrica.
- b) Subdirección de Gas Natural.
- c) Subdirección de Regulación Económico-Financeira e Prezos Regulados.
- d) Subdirección de Mercados Derivados da Enerxía.

Subsección 4.<sup>a</sup> Da Dirección de Transportes e Sector PostalArtigo 25. *Funcións da Dirección de Transportes e do Sector Postal.*

A Dirección de Transportes e do Sector Postal é o órgano encargado das funcións de instrución de expedientes da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en relación cos sectores de transportes e postal, en cumprimento da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea; da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e da Lei 43/2010, do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal. En particular, é competente para:

- a) Elevar ao Consello propostas de resolución en materia de supervisión e control do mercado postal respecto das funcións e competencias que lle atribúe a Lei 3/2013, do 4 de xuño, e singularmente nas competencias previstas no artigo 8 da citada lei.
- b) Elevar ao Consello propostas de resolución en materia de supervisión e control en materia de tarifas aeroportuarias e, singularmente, nas competencias previstas no artigo 10 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.
- c) Elevar ao Consello propostas de resolución en materia de supervisión e control do sector ferroviario e, singularmente, nas competencias previstas no artigo 11 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.
- d) Elevar ao Consello propostas de resolución de conflitos, tras a oportuna tramitación, nas seguintes materias:
  - i) En materia de conflitos no mercado postal, de acordo co previsto no artigo 12.1 d) da Lei 3/2013, do 4 de xuño.
  - ii) En materia de conflitos de tarifas aeroportuarias, de acordo co previsto no artigo 12.1 c) da Lei 3/2013, do 4 de xuño.
  - iii) En materia de conflitos no sector ferroviario, de acordo co previsto no artigo 12.1 f) da Lei 3/2013, do 4 de xuño.
- e) Requirir información e realizar as inspeccións necesarias para levar a cabo a correcta supervisión dos sectores postal e ferroviario, así como das tarifas aeroportuarias.
- f) Incoar e tramitar os procedementos sancionadores en materias da súa competencia.
- g) Cooperar con outros órganos reguladores doutros Estados membros da Unión Europea en materia postal e ferroviaria, así como en materia de supervisión de tarifas aeroportuarias e asistir aos distintos comités, grupos de traballo e reunións para os cales sexa requirida e apoiar o presidente e o Consello no ámbito das relacións con outros órganos e institucións de España ou doutros Estados membros da Unión Europea e cos órganos de cooperación dos reguladores en materia postal e ferroviaria, así como en materia de supervisión de tarifas aeroportuarias.
- h) Colaborar e prestar a asistencia técnica que lle sexa requirida polo Consello da Comisión elaborando informes que elevará a este.
- i) Realizar calquera outra función que lle atribúa o ordenamento ou o Consello lle delegue.

Artigo 26. *Estrutura da Dirección de Transportes e Sector Postal.*

A Dirección do Transporte e do Sector Postal estrutúrase nas seguintes unidades:

- a) Subdirección de Tarifas aeroportuarias.
- b) Subdirección do Sector Ferroviario.
- c) Subdirección do Sector Postal.
- d) Subdirección de Análise de Mercados.

## Sección 5.<sup>a</sup> Outros órganos

Artigo 27. *A Secretaría Xeral da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia contará cunha secretaría xeral, baixo a inmediata dirección do presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, á cal corresponde a prestación dos servizos comúns do organismo.

2. A Secretaría Xeral da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá atribuídas as seguintes funcións:

a) A xestión e planificación dos recursos humanos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, por proposta dos órganos de dirección aos cales a Lei 3/2013, do 4 de xuño, e este estatuto atribúen competencias en materia de persoal.

b) O establecemento dos plans de formación do persoal, a xestión da acción social e dos programas de prevención de riscos laborais.

c) O mantemento das relacións cos órganos de participación e representación do persoal.

d) A conservación, mantemento e actualización permanente do patrimonio.

e) A dirección e organización dos servizos de seguridade, vixilancia, comunicacións, conservación, mantemento e demais servizos comúns das dependencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

f) A instrución e tramitación dos expedientes de contratación.

g) A colaboración na preparación de conferencias, seminarios e calquera outra actividade similar que organice a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

h) A xestión económico-financieira e patrimonial do organismo, a elaboración do anteproxecto do orzamento de ingresos e gastos e a tramitación das súas variacións, o seguimento e control da súa execución, a realización da xestión contable, financieira e patrimonial, a xestión dos servizos de pagadoría, caixa e recadación e a preparación da liquidación e rendición das contas do organismo.

i) A xestión e recadación en período voluntario da taxa por análise e estudo das operacións de concentración e da contribución postal de acordo co establecido na disposición adicional décimo cuarta da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

j) A dirección e organización dos servizos de arquivo e rexistro da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

k) O desenvolvemento dos sistemas de información dos servizos comúns dos sistemas de administración electrónica, o deseño e execución de plans e coordinación das actuacións e prestación dos servizos en materia de tecnoloxías da información e comunicacións, a xestión e mantemento da sede electrónica e dos sitios web, a xestión da rede interna de comunicacións, a xestión dos medios informáticos e telemáticos e a súa asignación ás distintas unidades orgánicas, o asesoramento, asistencia técnica, incluída a prestada no desenvolvemento das inspeccións realizadas polo órgano competente, de acordo co artigo 27 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, e formación aos usuarios da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Todo iso sen prexuízo das competencias en materia de inspeccións da Dirección de Competencia.

No exercicio destas funcións, a Secretaría Xeral poderá optar pola utilización e o aproveitamento de módulos e servizos comúns de Administración electrónica, nos termos que se acorden cos órganos responsables nesta materia da Administración xeral do Estado.

l) A redacción, proposta e tramitación dos convenios con entidades públicas e privadas que subscribirá o presidente da Comisión.

m) O exercicio das competencias en materia de xestión documental, estatística, recursos documentais, biblioteca e publicacións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

n) O deseño e implementación dun sistema da carreira profesional, así como un sistema de avaliación do desempeño do persoal no marco do establecido na normativa vixente.

Artigo 28. *O secretario xeral.*

1. O secretario xeral da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia será nomeado e separado polo Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, por proposta do presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. O secretario xeral deberá ser funcionario de carreira pertencente a un corpo do subgrupo A1 ao servizo da Administración xeral do Estado.

2. O secretario xeral da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exerce todas as competencias que lle son atribuídas á Secretaría Xeral da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de acordo co previsto no artigo 28 deste estatuto.

Artigo 29. *Estrutura.*

1. Da Secretaría Xeral da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia dependen as seguintes subdireccións:

- a) Subdirección de Recursos Humanos e Xestión Económica e Patrimonial.
- b) Subdirección de Estatísticas e Recursos Documentais.
- c) Subdirección de Sistemas de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións.

2. Os titulares das subdireccións da Secretaría Xeral serán nomeados polo Consello, por proposta do presidente e oído o secretario xeral.

Artigo 30. *Departamento de Promoción da Competencia.*

1. O Departamento de Promoción da Competencia, que dependerá directamente do presidente, encargarse de coordinar as propostas que se deban elevar ao Consello en materia de promoción da competencia, informes sectoriais que inclúan propostas de modificación do marco regulatorio, axudas públicas, así como os informes sobre proxectos normativos.

2. O Departamento de Promoción estrutúrase nas seguintes subdireccións:

- a) Subdirección de Estudos e Informes.
- b) Subdirección de Axudas Públicas e Informes de Proxectos Normativos.
- c) Subdirección de Análise Económica.

3. Os titulares das subdireccións do Departamento de Promoción da Competencia serán nomeados polo Consello, por proposta do presidente e oído o titular do Departamento de Promoción.

Artigo 31. *Departamento de Control Interno.*

1. Baixo a dependencia directa do presidente, existirá o Departamento de Control Interno, que se encargará de verificar que todas as actuacións levadas a cabo no seo da Comisión dos Mercados e da Competencia se realicen de forma que se asegure un adecuado nivel de cumprimento, eficacia e eficiencia na consecución dos seus obxectivos, e que se exercen as súas funcións e competencias de acordo cos principios de imparcialidade, obxectividade e independencia.

2. A constitución efectiva do Departamento de Control Interno terá efecto unha vez que o Consello aprobe as normas a que se debe axustar o seu funcionamento.

3. O Departamento de Control Interno deberá informar o Consello sobre o resultado dos traballos que se leven a cabo en desenvolvemento dos plans de auditorías e actuacións de control interno. Así mesmo, realizará cantas outras actuacións de control interno lle asigne o Consello con carácter permanente ou esporádico.

4. Así mesmo, correspóndelle ao Departamento de Control Interno realizar o informe específico do órgano interno sobre a adecuación das decisións adoptadas polos órganos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia á normativa procedemental que resulte de aplicación en cada caso, de conformidade co establecido na disposición

adicional segunda da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro. O dito informe deberá ser aprobado polo Consello e remitíraselles á comisión correspondente do Congreso dos Deputados e ao Goberno da Nación.

### CAPÍTULO III

#### **Persoal ao servizo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia**

##### Artigo 32. *Réxime de persoal.*

1. O persoal ao servizo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia estará constituído:

- a) Polo persoal funcionario de carreira.
- b) Polo persoal laboral.
- c) Polo persoal eventual.

2. O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia presentaralle anualmente ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través do Ministerio de Economía e Competitividade, a proposta de oferta de emprego público correspondente ao organismo. A dita proposta terá en conta as necesidades de recursos humanos da actividade da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para o adecuado exercicio das súas funcións.

##### Artigo 33. *Persoal funcionario.*

1. De conformidade co artigo 31.2 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, o persoal funcionario da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia rexeráse polas normas aplicables ao persoal funcionario da Administración xeral do Estado.

2. O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia convocará e resolverá os procedementos de provisión de postos de traballo. Tanto as convocatorias coma as súas resolucións publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

##### Artigo 34. *Persoal laboral.*

1. De conformidade co artigo 31.3 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, o persoal laboral da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia rexeráse polo texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, pola normativa convencional aplicable, de ser o caso, e polos preceptos da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, que expresamente lle resulten de aplicación.

2. Corresponderalle ao presidente a subscripción dos contratos de traballo do persoal laboral, que será seleccionado, en execución da oferta de emprego público da Administración xeral do Estado, mediante convocatoria pública que se suxeitará aos principios de igualdade, mérito e capacidade, así como do acceso ao emprego público das persoas con discapacidade.

##### Artigo 35. *Persoal eventual.*

1. O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá nomear ata un máximo de dous asesores para a realización de funcións de confianza e asesoramento especial non reservadas a funcionarios de carreira, con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin. Coa mesma finalidade, o vicepresidente poderá nomear un asesor.

2. O nomeamento e cesamento do persoal eventual serán libres entre aqueles que teñan acreditada experiencia e capacitación profesional. En todo caso, o cesamento terá lugar cando se produza o cesamento, respectivamente, do presidente e do vicepresidente.

## Artigo 36. *Persoal directivo.*

1. En virtude do disposto no artigo 31 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, teñen a condición de persoal directivo os directores de instrución e o secretario do Consello.

2. Tamén terá a consideración de persoal directivo:

a) O titular do Departamento de Promoción da Competencia e os subdirectores que del dependan.

b) O xefe da Asesoría Xurídica.

c) O vicesecretario do Consello.

d) O secretario xeral e os subdirectores que del dependan.

e) O titular do Departamento de Control Interno.

f) Os subdirectores das direccións de instrución.

2. De acordo co disposto nos artigos 26.3 e 31.5 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, a cobertura de postos de persoal directivo laboral farase mediante contratos de alta dirección.

3. Na relación de postos de traballo determinarase qué postos directivos deben ser ocupados por persoal funcionario de carreira pertencente a corpos do subgrupo A1 e cáles poden ser ocupados por estes ou por persoal laboral.

## Artigo 37. *Relación de postos de traballo.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia contará cunha relación de postos de traballo proposta polo presidente aos órganos competentes, na cal constarán:

a) Os postos que deban ser desempeñados en exclusiva por persoal funcionario, por consistir no exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas e a salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas, así como a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, se é o caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión de postos e as retribucións complementarias, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria sexta da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

b) O resto de postos de traballo, que serán desempeñados, con carácter xeral, por persoal funcionario. Non obstante, dentro destes indicaranse aqueles que, de acordo coa lexislación de función pública aplicable á Administración xeral do Estado, tamén poderán ser desempeñados por persoal laboral.

## Artigo 38. *Provisión de postos de traballo de persoal funcionario e selección de persoal laboral.*

1. A provisión de postos de traballo do persoal funcionario levarase a cabo de conformidade cos procedementos de provisión establecidos na normativa sobre función pública aplicable ao funcionario da Administración xeral do Estado, e as correspondentes convocatorias publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

2. As convocatorias para a selección do persoal laboral serán publicadas no «Boletín Oficial del Estado».

3. Os sistemas selectivos do persoal laboral da Comisión serán os de oposición ou concurso-oposición.

## Artigo 39. *Incompatibilidades do persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

O persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo 40. *Deber de segredo.*

1. O persoal ao servizo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia deberá gardar segredo, mesmo despois de cesar nas súas funcións, de cantas informacións de natureza confidencial coñecese no exercicio daquelas.

2. O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, por proposta do presidente, poderá aprobar o Código de conduta do persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado».

## CAPÍTULO IV

### **Contratación, patrimonio, orzamento e control**

Artigo 41. *Contratación.*

1. A actividade contractual da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia queda suxeita ao texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, así como á súa normativa de desenvolvemento. O órgano de contratación do organismo será o presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, como órgano de contratación do organismo, está asistido por unha mesa de contratación, que é o órgano competente para a valoración de ofertas, de acordo co previsto no artigo 320 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Artigo 42. *Patrimonio.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio independente do da Administración xeral do Estado, integrado polo conxunto de bens e dereitos de que sexa titular.

2. A xestión e a administración dos bens e dereitos propios, así como daqueles do patrimonio do Estado que se lle adscriban para o cumprimento dos seus fins, serán exercidas de acordo co sinalado neste estatuto e co establecido para os organismos públicos na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

3. Correspóndelle ao presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia acordar a adquisición por calquera título dos bens inmoables e dereitos que resulten necesarios para os fins da institución, así como o seu uso e arrendamento, de acordo co procedemento establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia formará e manterá actualizado o seu inventario de bens e dereitos, tanto dos propios coma dos bens do patrimonio do Estado adscritos ao organismo, que se revisará anualmente, con referencia ao 31 de decembro, e que se someterá á aprobación do presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. O inventario e as súas modificacións remitiranse anualmente ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no primeiro mes de cada ano natural.

Artigo 43. *Orzamento.*

1. O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará con carácter anual o correspondente anteproxecto de orzamento coa estrutura que sinala o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e remitírallo ao Ministerio de Economía e Competitividade para a súa posterior tramitación, de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. No orzamento de gastos do organismo, os créditos terán carácter limitativo e vinculante ao nivel de especificación establecido pola lexislación orzamentaria para os



organismos autónomos. As variacións que supoñan un incremento global dos créditos inicialmente aprobados axustaranse ao seguinte:

a) Correspóndelle ao presidente da Comisión autorizar as variacións orzamentarias que impliquen ata un tres por cento da cifra inicial do seu orzamento total de gastos, sempre que non se incrementen os créditos para gastos de persoal.

b) Correspóndelle ao titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas autorizar variacións por riba do tres por cento da cifra inicial do seu orzamento. Así mesmo, correspóndelle autorizar variacións que incrementen os créditos para gastos de persoal. As variacións que afecten gastos de persoal non se computarán para os efectos da porcentaxe establecida na letra a).

c) Se a variación afectar as achegas estatais recollidas nos orzamentos xerais do Estado, a competencia para autorizar ambas as dúas modificacións corresponderalle á autoridade que tivese atribuída a modificación no orzamento do Estado. Estas variacións non computarán para os efectos das porcentaxes recollidas nas letras a) e b) anteriores.

As variacións internas entre as diversas partidas orzamentarias que non incrementen a contía global do orzamento serán aprobadas polo presidente da Comisión, salvo que afecten os créditos para gastos de persoal, caso en que a autorización será competencia do titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

As variacións do orzamento, unha vez autorizadas polo presidente da Comisión, serán comunicadas á Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

#### Artigo 44. *Réxime de contabilidade aplicable.*

1. Co fin de asegurar o adecuado reflexo das operacións, custos e resultados da súa actividade, así como de facilitar datos e información con transcendencia económica, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia formulará e renderá contas de acordo coa Lei 47/2003, do 26 de novembro, e as normas e principios de contabilidade recollidos no Plan xeral de contabilidade pública e nas súas normas de desenvolvemento.

2. Para dar cumprimento ao establecido no número anterior, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia contará cun sistema de información contable que mostre, a través de estados e informes, a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento.

Así mesmo, tamén contará cun sistema de contabilidade analítica que proporcione información de custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións e para a determinación das diferentes taxas destinadas a sufragar os gastos que se xeren na supervisión dos correspondentes sectores, en particular a taxa xeral de operadores, de acordo co disposto no número 1 do anexo 1 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e as taxas aplicables á prestación de servizos e realización de actividades en relación cos sectores da electricidade e do gas natural, de acordo co disposto no número 1.4 do anexo da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de acordo co establecido no artigo 125 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, observará os requirimentos funcionais e, de ser o caso, os procedementos informáticos establecidos pola Intervención Xeral da Administración do Estado relativos ao sistema de información contable.

#### Artigo 45. *Control económico e financeiro.*

1. O control externo da xestión económico-financeira da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia correspóndelle ao Tribunal de Contas, de acordo coa súa normativa específica.

2. O control interno da xestión económico-financeira da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia correspóndelle á Intervención Xeral da Administración do Estado, de acordo co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro. O control financeiro

permanente realizarao a Intervención Delegada na Comisión Nacional baixo a dependencia da Intervención Xeral da Administración do Estado.

## CAPÍTULO V

### **Función arbitral**

Artigo 46. *Función arbitral.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá desempeñar as funcións de arbitraje institucional, tanto de dereito coma de equidade, que lle encomenden as leis e as que lle sexan sometidas voluntariamente polos operadores económicos en aplicación da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.

2. O procedemento arbitral axustarase aos principios de audiencia, proba, contradición e igualdade e someterase ás regras da Comisión das Nacións Unidas para o Dereito Mercantil ou, de ser o caso, ás que determine o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Tamén se poderá prever a existencia dun procedemento abreviado atendendo ao nivel de complexidade da reclamación e á súa menor contía.

3. Correspóndelle ao Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a administración da arbitraje. Cada unha das salas poderá, en atención á materia obxecto da reclamación, designar árbitros e determinar os honorarios segundo os aranceis aprobados polo Consello.